

CACHARELAS DE SAN XOÁN

Este ano as cacharelas de San Xoán deben de que celebrarse nunhas circunstancias especiais motivadas pola situación excepcional provocada polo COVID-19 que estamos a sufrir. É importante polo tanto cumprir unha serie de normativas en canto a seguridade, prevención de lumes, aglomeración de persoas e hixiene.

SOLICITUDE DE PERMISO

As persoas, asociacións ou comunidades que desexen realizar unha cacharela deberán **solicitar o pertinente permiso no Concello de Brión, chamando ao 981887006**, antes das 14.00 h do día 22 de xuño de 2020.

NORMATIVA SOBRE A REALIZACIÓN DE CHACHARELAS

- 1.- Poderanse facer cacharelas en espazos públicos agás no Paseo do Rio Pego (Os Ánxeles) e na área recreativa das Augas Ferreas (Estrar); nestes dous espazos si estará permitido o uso das grellas e as mesas.
- 2.- Non está permitido facer cacharelas en terreos forestais ou nas proximidades de masas arbóreas.
- 3.- As cacharelas situaranse en lugares seguros, de tal xeito, que non exista perigo de propagación accidental ás vivendas, instalacións ou terreos próximos. Deberase ter en conta a existencia de tendidos eléctricos, etc. Arredor da cacharela deixarase unha franxa duns 5 m libre de calquera elemento combustible.
- 4.- Deberán situarse en zonas afastadas de masas arbóreas polo menos 50 m. As persoas responsables deben asegurarse de contar con medios de extinción mínimos pero suficientes para o seu uso inmediato en caso de ser necesario.
- 5.- Non se permite a utilización de líquidos inflamables nin queimar produtos contaminantes (plásticos, pinturas, goma...). Tampouco se poderán queimar residuos ou restos domésticos, forestais ou agrícolas.
- 6.- As cacharelas deben estar baixo vixilancia en todo momento, as persoas responsables deben asegurarse de que o lume queda completamente apagado.
- 7.- O número de asistentes non superará o que determine a normativa sanitaria de aplicación no momento da celebración da festa.
- 8.- Non se poderá aproveitar para queimar residuos ou restos domésticos, forestais ou agrícolas, xa que é motivo de denuncia. (En caso de non estar suspendidos os permisos, deberase pedir unha comunicación ou autorización para restos agrícolas e forestais no tlfno. 012 da Xunta de Galicia).
- 9.- Non se poderá abandonar a cacharela ata estar seguros de que o lume quedou completamente apagado, debendo retirar todos os restos que queden unha vez rematado o evento.
- 10.- As autorizacións outorgadas non eximirán, en ningún caso, das responsabilidades por danos e prexuízos a que houber lugar no caso de que concorrese negligencia ou imprudencia.
- 11.- As cacharelas poderán ser revisadas polos servizos municipais para ver que se cumpra coa normativa esixida.